

Algúns consellos para o teu paseo

- Non é boa idea arrincar flores. Pertencen a esta paisaxe tanto como a Torre.
- Algúns animalíños “feos” son imprescindibles para este lugar, como para tantos outros. É o caso dos insectos polinizadores. Non os trates mal.
- Se trouxeches algo que tras ser usado poida converterse nun residuo, o mellor é que o leves tamén contigo.
- Mellor non saias moito dos carreiros. Nos prados viven, e mesmo aniñan, algunhas aves.
- Extrema o coidado ao bordo dos cantís. Non che fai falta asomarte moito para contemplar os xardíns colgantes de flores autóctonas.
- Se vés cunha lupa e uns prismáticos, gozarás o dobre.
- Lembra levar sempre ó teu can con correa. Evita ademais que entren na pozas, fogar de pequenos anfibios.
- Se tes curiosidade por algunhas das especies animais ou vexetais que atopes, podes fotografala co móbil e consultar despois na casa ou nas Bibliotecas Municipais da Coruña. Tamén podes enviala directamente a medioambiente@coruna.es, desde onde che responderemos.



O patrimonio natural que rodea o noso Patrimonio da Humanidade

Cando a UNESCO declarou a Torre de Hércules Patrimonio da Humanidade en 2009, considerou de gran importancia protexer tamén a súa contorna natural.

Este espazo é fogar dunha extraordinaria diversidade de especies vexetais e animais silvestres, moitas delas protexidas. Tamén de varios hábitats de interese europeo.

Viven aquí multitude de flores, aves, lagartas, bolboretas, anfibios... Algo que adoita sorprenden, por estar xunto a unha gran zona urbana.

Por iso quenes aquí vivimos coidámolo tanto. Somos moi conscientes do seu valor. E da necesidade de preservar un espazo así.

Toda esta natureza é tamén a nosa herdanza. E será o noso legado.

Sabias que...?

Viven aquí varias especies de flores exclusivas do noroeste da península ibérica, ademais de 7 especies de anfibios, 8 de réptiles, 11 de mamíferos e máis de 60 de aves, sen contar coas mariñas.

A “Uña de gato” e a “Margarida do cabo”, abundantes nalgúns zonas, son plantas exóticas invasoras que deben ser erradicadas, pois a súa presenza ameaza a nosa vexetación autóctona.

Margarida do cabo



Ra das Veigas




O espazo natural Torre de Hércules Un lugar repleto de vida



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

CORUÑA
MEDIO AMBIENTE





Picafollas

Ameneiro

Un pequeno bosque de ribeira medra xunto ao río

Desde o aparcadoiro baixa ao mar un regacho que desemboca na praia das Lapas. As árbores que crecen nas súas beiras son uns ameneiros case centenarios. Por entre eles cantan xiríns, xílgaros, carrizas, picafollas...

Nos cantís viven flores capaces de soportar o sal

Iso converte ás súas comunidades en únicas: non aparecen en ningún outro ambiente. Na primavera, cando florecen, forman fermosos xardíns colgantes. A máis coñecida é a "Herba de namorar". Aos seus pés, nas rocas, aliméntanse aves como virapedras ou pilro escuro.



Herba de namorar

A superficie do océano non está baleira

Con só fixarche, e mellor cos prismáticos, verás nela mascatos, gaivotas de varias especies, carolos ás veces golfinhos... Cada outono pasan sobre esas ondas, rumbo ao sur, bandadas de aves migratorias.

Mascato



As praias móstrannos a vida dos fondos mariños de ao redor

Na Praia das Lapas e a de Adormideras atoparás restos de cunchas e de algas, ourizos, estrelas de mar... Fálannos da extraordinaria biodiversidade oculta baixo as ondas.



Estrela

As espiñas do toxo son o mellor refuxio para moitas criaturas

A matogueira de toxo e queiroga que cobre as ladeiras máis empinadas da Torre é un excelente refuxio para unha fauna moi diversa. Aquí aniñan papuxas, chascos, azulentas ou merlos. O ourizo agarda que se faga de noite para saír en busca de alimento.

Ourizo



As cores dos prados marcan o paso das estacións

Cada primavera énchense de multitude de flores silvestres, polinizadas por bolboretas e outros insectos. Co paso dos meses, xorden unhas e apáganse outras, cambiando as cores da paisaxe. As lavadeiras amarelas que regresan desde África en abril aniñan entre a herba.

Toxo

Lavadeira amarela

